

PORCINO CEBADO

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,460	0,00	<p>Respiro tras a debacle de Agosto: No mes de agosto os prezos pareceron coller unha frenética carreira á baixa (-14 céntimos) adiantándose ás baixas estacionais de outono. E aínda que esta semana se estabilizan, todo apunta a un respiro, continuando a senda de baixas a partires da semana que ven.</p> <p>Situación de mercado: Os pesos, esta semana á baixa, son parellos aos do pasado ano, indicando fluidez no mercado; porén o consumo non tira, aí a presión que exerce o matadoiro tentando aminorar as perdas.</p> <p>Mercados Europeos: Descalabro Alemán (-6 céntimos); forte presión dos matadoiros que ameazan con baixar a actividade ao non dar revalorizado o despece; isto levou aparelado descensos nas cotizacións dos mercados veciños (Bélxica e Holanda); polo Centro - Sur Europeo, destaca a estabilidade do mercado Francés (a rentrée non se deixa notar) e Italia, que vé como o escaso consumo volta a presionar sobre os prezos do vivo. Aínda que a demanda en vivo ao Leste tira, os matadoiros vense presionados polo prezo da carne.</p> <p>Previsións: A tendencia estacional indica baixas; ademais o fin da demanda extra do mercado portugués, a crecente competencia na exportación (Brasil, Canadá, EEUU... apoiados polo sector público) xunto coas baixas rexistradas no norte de Europa acabarán afectando sobre o mercado galego.</p>
SELECTO	1,205	0,00	
NORMAL	1,180	0,00	
CASTRADO	1,500	0,00	
CANAL II	1,532	0,00	
DESVELLE	0,77/0,83	0,00	

BACORIÑOS

PROCED	EUROS			
	KG.	UNIDADE	DIF	
ÚNICA	1,65	33,00	0,00	<p>Estabilidade nas cotizacións: Segunda semana de estabilidade nun momento, entrados xa en setembro, no que o leitón debera coller algún euro á alza, cando a demanda se amosa algo máis alegre, tras o parón de agosto e a recuperación da matanza, que deixa sempre máis ocós que encher; ademais as escasas dispoñibilidades de leitón así o xustifican (A oferta coxuntural é baixa -este non soe ser un mes de grande oferta- xunto cunha oferta estrutural tamén baixa - a eliminación de porcas en meses anteriores, sobre todo de granxas de pequena dimensión, que son as que nutren o mercado libre de leitóns- reducen as dispoñibilidades); porén, o recorte das cotizacións do cebo en agosto, limita as posibilidades compradoras dos cebadoiros, e sobre todo, as posibilidades de alzas nas cotizacións dos leitóns. E pasado xa o ecuador do mes, o calendario comeza a apretar.</p> <p>A partires d'agora, cun calendario de alzas esgotado as previsións non poden ser tan positivas: o futuro do cebo segue despertando dúbidas e os cebadoiros, están cos ollos postos no que poida pasar no mercado do cebo cara a finais de novembro, o que de momento, é unha incognita.</p>
VARIAS	1,40	28,00	0,00	
<p>BASE 20 QUILOS SEGUNDO A PROCEDENCIA: ÚNICA EXPLOTACIÓN (LOTES DE 500 OU MÁIS). DE VARIAS (LOTES DE MENOS DE 500 ANIMAIS)</p>				

OVOS

CLASE	EUROS				
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,84	+0,04	1,84	+0,04	<p>A demanda continúa tirando: Tal e como é de agardar, a demanda do ovo tira con forza na entrada de setembro, se ben este ano a reacción chegou cunhas semanas de antelación; acumúlanse nas últimas semanas subas en todas as gramaxes (+0,09 € o XL; +0,12 € o L; +0,07 € o M; e +0,06 € o S).</p> <p>A demanda tira con forza como é habitual nestas datas, e parece este o sector que mellor resiste a crise, posto que en termos relativos, coas cotizacións actuais, os ovos aínda seguen sendo competitivos. As existencias baixan claramente por segunda semana e as cotizacións vense afortaladas por un escenario Europeo de subas xeralizadas.</p>
L	1,49	+0,04	1,49	+0,04	
M	1,32	+0,02	1,32	+0,02	
S	1,05	+0,02	1,05	+0,02	

GALIÑAS DE DESVELLE

	EUROS		
	KG.	DIF	
SEMIPEADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,08/0,18	0,00	<p>Estabilidade no mercado das Galiñas: Tras as dúas baixas consecutivas das últimas semanas (-10 céntimos) a cotización da galiña volta a estabilizarse, aínda que a uns valores baixos. O mercado cambiou de signo fai quince días, froito dunha maior oferta (comezaron as reposicións estacionais lóxicas) e aínda que a oferta se mantén, existe xa pouca marxe para baixas tendo en conta o nivel actual e o importante descenso xa rexistrado.</p> <p>A cotización é inferior á da mesma semana de 2008 (-9 céntimos; -33,33%).</p>

COELLO

	EUROS		
	KG.	DIF	
GRANXA EN VIVO			<p>Cotizacións presas do escaso consumo: A quinta estabilidade nun momento estacional onde as cotizacións deberan ir á alza, pon na picota a todo o sector Cunicola. As cotizacións son 27 céntimos inferiores ás da mesma semana de 2008, por baixo dos custos de produción, comprometendo a viabilidade das granxas; e pola parte da demanda os PVP son moi baixos e non se corresponden nen tan sequera co escaso prezo do vivo, comprometendo aos matadoiros. Nen os baixos PVP, nen os inicios do mes, nen a volta das vacacións conseguen que o consumo tire.</p>
NOVO	1,60 €	0,00	

CENTRAL AGROPECUARIA DE GALICIA

Recinto feiral, s/n
 36540 Silleda - Pontevedra
 Telf: 986 577000 Fax: 986 580162
www.feiragalicia.com

En colaboración coa:


COTIZACIONES POXA DE GANDO DO DÍA 08/09/2009



**Central Agropecuaria
de Galicia**

Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tífono 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIONES	149.769
TOTAL ASISTENCIA	744		
TOTAL ADXUDICADOS	690		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	98	84
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	113	113
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	140	118

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	310	240
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	320	251
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	338	272

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	392	266
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	480	332

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIONES	280.191
TOTAL ASISTENCIA	465		
TOTAL ADXUDICADOS	441		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.553
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	948
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	522
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	267

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIONES	61.297
TOTAL ASISTENCIA	88		
TOTAL ADXUDICADOS	75		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,33	1,25
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,25	2,17
RAZA RUBIA GALEGA	2,38	2,41

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría